

# Proyecto Xornada Única



**CEIP GREGORIO SANZ. RIBADEO  
2010-2011**

# ÍNDICE

<u>DATOS DO CENTRO.....</u>	<u>3</u>
<u>INTRODUCCIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>REQUISITOS.....</u>	<u>4</u>
<u>OBXECTIVOS.....</u>	<u>5</u>
<u><i>Xerais:</i>.....</u>	<u>5</u>
<u><i>Específicos:</i> .....</u>	<u>5</u>
<u>HORARIO PARA O ALUMNADO E TEMPOS DE LECER:.....</u>	<u>7</u>
<u>HORARIO PARA O PROFESORADO .....</u>	<u>9</u>
<u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....</u>	<u>10</u>
<u>PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....</u>	<u>10</u>
<u>ACTIVIDADES GRATUITAS: PROPOSTAS POLO CENTRO.....</u>	<u>11</u>
<u>ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLAS ANPAS E/OU CONCELLO: .....</u>	<u>11</u>
<u>COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DO PROCESO.....</u>	<u>12</u>
<u>AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA: .....</u>	<u>13</u>

## DATOS DO CENTRO

Nome do Centro: CEIP GREGORIO SANZ

Código: 27010891

Enderezo: Avenida de Luarca s/n

27700- Ribadeo (Lugo)

Telf: 982 128848

Fax. 982 128848

Correo electrónico: ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es

Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipgregoriosanz/>

Niveis Educativos: EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Número de alumnos escolarizados: ..... 398

Número de alumnos transportados:

    Consellería ..... 147

    T. urbano ..... 100

Número de alumnos comensais: ..... 374

Censo de Familias: ..... 319

Horario que se propón:

<b>Outubro a maio</b>	<b>Xuño e setembro</b>
➤ Lectivo: de 9:35 a 14:35 horas	➤ lectivo: de 9:35 a 14:35 horas
➤ Xantar: 14:35 a 15:35 horas	➤ Xantar: 14:35 a 15:35 horas
➤ Saída transportes 15:45 horas	
➤ Actividades extra escolares: 16:00 a 17:00 h.	

## INTRODUCCIÓN

O presente proxecto xorde como resposta á petición de familias da nosa comunidade educativa, á petición do Claustro de profesoras e profesores e á valoración dos resultados da votación anterior sobre a xornada única.

O procedemento para a autorización, nas escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da implantación da xornada lectiva, en sesión única de mañá queda regulado na Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008), que establece dito procedemento e derroga a Orde **do 13 de abril de 1993.**

## REQUISITOS

1. Acordo do consello escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
2. Acordo do claustro de profesoras e profesores por maioría dos tres quintos dos seus membros.
3. Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
4. Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo, computaranse a nai ou o pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa en que se pretende cambiar a xornada.
5. Plan específico de actividades extraescolares.



## OBXECTIVOS

### Xerais:

- ✓ **Mellorar a calidade de vida** dos distintos sectores da comunidade educativa.
- ✓ Potenciar ao **máximo** as **aprendizaxes** e a **adquisición** das **competencias básicas** dos nosos alumnos/as, así como a formación permanente de todo o equipo docente.

### Específicos:

- Aumentar o rendemento académico do alumnado xa que a mañá é a etapa do día na que se atopan máis receptivos, cun maior nivel de atención e motivación, con maior capacidade de concentración e rendemento intelectual; eliminando un tempo de recreo que resulta excesivo, especialmente en días de choiva nos que a tensión e o cansazo acumúlase.
- Posibilitar o estudo persoal do alumnado, segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- Facilitar a organización do tempo por parte das familias das alumnas e alumnos, e do profesorado, evitando as perdas deste derivadas dos desprazamentos sistemáticos ao Centro pola mañá e pola tarde, favorecendo o incremento da convivencia familiar.
- Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.
- Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello (Conservatorio de música, escolas deportivas, actividades extraescolares,...), permitindo adiantar o inicio destas e facilitando que o alumnado dispoña de tempo suficiente para realizar a súas tarefas escolares.

- Facilitar o paso ao instituto habituando aos alumnos e alumnas á xornada única.
- Optimizar a tarefa do profesorado nos períodos non lectivos, ao dispor dun tempo máis axeitado para planificar o seu traballo, asistir a reunións, cursos de perfeccionamento, atender aos pais e nais,...repercutindo favorablemente na práctica docente e na elaboración de materiais.
- Distribuír máis equitativamente o tempo de docencia de todas as áreas. Na xornada partida hai unha diferenza de 15 minutos entre as áreas impartidas pola mañá e á tarde.
- Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas dos que dispón o centro.
- Dinamizar o uso da Biblioteca Escolar, ao permanecer aberta fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, estudo, ... e estando vixiada por profesorado do Centro.

**En calquera caso garantirase :**

1. As 5 sesións lectivas, xa que agás causas de forza maior, en ningún caso quedará reducido.
2. O funcionamento do servizos ofertados na actualidade: Comedor Escolar e Transporte Escolar.
3. O funcionamento do Centro coas xuntanzas de Equipos e Departamentos, así coma a atención a pais e nais.

## **HORARIO PARA O ALUMNADO E TEMPOS DE LECER:**

**Setembro e xuño**, o período **obligatorio** de mañá desenvolveráse **de luns a venres de 9:35 a 14:35 horas:**

- A entrada será ás 9:35 da mañá e a saída ás 14:35 horas, para os alumnos e alumnas non usuarios do servizo de comedor.
- A entrada será ás 9:35 da mañá e a saída ás 15:35 horas, para os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor. As familias que o desexen poderán recoller aos seus fillos/as cando saian despois de comer.
- Non hai actividades extraescolares.

**Outubro a maio**, o período **obligatorio** de mañá desenvolverase **de luns a venres de 9:35 a 14:35 horas:**

- A entrada será ás 9:35 da mañá e a saída ás 14:35 horas, para os alumnos e alumnas non usuarios do servizo de comedor.
- A entrada será ás 9:35 da mañá e a saída ás 15:35 horas, para os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor. As familias que o desexen poderán recoller aos seus fillos/as cando saian despois de comer.
- As actividades extraescolares desenvolveráanse pola tarde segundo o horario establecido máis adiante.

A distribución horaria **OBRIGATORIA-LECTIVA** na sesión única será a seguinte:

Horas	Sesións	Tempo
9:35– 10:30	1ª	55 m.
10:30 – 11:25	2ª	55 m.
11:25 – 12:15	3ª	50 m.
12:15 - 12:45	Recreo	30 m.
12:45 – 13:40	4ª	55 m.
13:40 – 14:35	5ª	55 m.
14:35 – 15:35	Comedor	1 h.
15:45 h	Saída transporte	
16:00- 17:00	Act. Extraesc.	60 m.

Con este horario de clases garántese o cumprimento estrito da lexislación, en Educación Infantil e Primaria: cinco horas lectivas ao día, incluíndo o tempo de recreo.

Os/As alumnos/as de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria poderán ter dous períodos de lecer distribuídos de acordo as súas características.

Na medida do posible trataráse de que as áreas con maior dificultade sexan nas primeiras horas da mañá, deixando para as últimas horas as que necesiten un menor esforzo intelectual.

## HORARIO PARA O PROFESORADO

- **Horario lectivo**: de 9:35 horas a 14:35 horas
- **Horario non lectivo**: O profesorado completará o seu horario en sesións de tarde.
- **Todos os MARTES, de 16:00 a 18:00 horas**, permanencia de todo o profesorado no centro:
  - **16:00 a 17:00 h**: Reunións dos Equipos de Ciclo, Departamento de Orientación, Comisión Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
  - **17:00 a 18:00 h**: Horario semanal de Tutoría para atención a consultas individuais por parte dos pais e nais sobre temas educativos relacionados cos seus fillos e fillas.
  - **Consellos Escolares e Claustros**: Realizaráanse os martes a partir das 18:00 horas ( en horario contemplado como horas complementarias non fixas).
  - **As sesións de avaliación**: Especificarásense en calendario establecendo un día semanal para cada ciclo.

Facilitarase a relación do profesorado coas familias por medio de reunións globais por titorías ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plano de traballo (Sempre se convoca a primeira xuntanza en setembro e ao longo do curso as que se consideren necesarias). Irán incluídas na Programación Xeral Anual.

- **Tódolos días de 16:00 h. a 17 horas**, permanecerán no colexio **dous profesores** que ostentarán a representación oficial do Centro e manterán en funcionamento a biblioteca/videoteca Escolar que estará á disposición do alumnado.

**A relación nominal deste profesorado faráse pública no mes de setembro, unha vez que estea fixada a planilla para o curso 2010-11.**

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Realizaranse as actividades complementarias: Magosto, Nadal, Día da Paz, Antroido, etc., saídas escolares e excursións que xa veñen sendo tradicionais neste centro e aquelas novas que polo seu interese merezan ser incluídas e que se concretarán na Programación Xeral Anual do curso.

## **PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

O Plan de actividades extraescolares que se desenvolverá pola tarde no Centro será semellante ao que se ven desenvolvendo na actualidade, coas matizacións que sexan necesarias segundo a demanda, a precisar no mes de setembro próximo.

O horario habitual das actividades será de 16 a 17 horas, tódolos días lectivos do curso, de luns a venres, ámbolos dous inclusive.

Ao fronte de cada actividade, ademais do monitor/a correspondente, responsable da mesma, estará un pai/nai da ANPA ou a persoa en quen deleguen, que se responsabilizará do seu funcionamento baixo os criterios que previamente establezan.

Dende a dirección do Centro xestionouse co Concello a oferta dalgunha actividade lúdico- deportiva ao alumnado.

Terán ademais as características seguintes:

- a) **Serán de carácter voluntario.**
- b) **Serán actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste Centro.**
- c) **Non terán carácter discriminatorio.**

Plan de actividades extraescolares estudarase a posibilidade de consensuar coas ANPAS a posibilidade de asistir un pai/nai, ademais do monitor ao fronte de cada actividade.

### **ACTIVIDADES GRATUITAS: Propostas polo centro**

<b>Horario</b>	<b>LUNS - MÉRCORES -XOVES -VENRES</b>
<b>De 16:00 a 17:00</b>	<b>1.- <u>BIBLIOTECA/VIDEOTECA ESCOLAR</u>:</b> Controlada por un profesor e aberta 1 hora cada día; agás os martes por ser o día de reunións do profesorado.

### **ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLAS ANPAS E/OU CONCELLO:**

#### **ORGANIZADAS POLAS ANPAS:**

INFORMÁTICA E MECANOGRAFÍA.

MANUALIDADES.

TEATRO.

MOVEMENTO E HARMONÍA.

#### **ORGANIZADAS POLO CONCELLO.**

ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

PATINAXE.

- x **As actividades ofertadas, así como o horario dependerá das solicitudes dos alumnos e alumnas, e da dispoñibilidade dos monitores e monitoras.**

## COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO DO PROCESO

- O seguimento das Actividades Extraescolares levarano a cabo membros da Asociación de pais que contarán sempre coa axuda dos mestres/as que se atopen no centro.
- Periodicamente en reunión conxunta a ANPA e o Equipo Directivo do colexio comprobarán se o desenvolvemento das mesmas se axusta o que figura no P.E.C e na P.X.A.
- A distribución horaria das actividades farase unha vez coñecido o número de alumnos que van a participar en cada unha delas, figurando na P.X.A. especificado máis detalladamente o calendario.
- O Consello Escolar fará un seguimento do Proxecto trimestral e realizará unha avaliación final de curso.
- O seguimento trimestral permitirá introducir mecanismos correctores para solventar problemas puntuais que poidan presentarse.
- A avaliación final de curso permitirá coñecer a validez deste proxecto a través da análise de resultados e do grao de satisfacción de tódolos sectores.



## **AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA:**

Realizaríase en xuntanzas co Claustro e Consello escolar tendo como referencia os seguintes **criterios**:

- Rendemento académico do alumnado.
- Fatiga do alumnado e profesorado.
- Incidencia sobre a vida familiar.
- Aumento- diminución da participación nas actividades extraescolares.
- Incidencia sobre outros servizos educativos da localidade: Escolas Deportivas, Conservatorio de Música, ,....
- Niveis de aceptación e grado de satisfacción dos colectivos implicados (familias, alumnado e profesorado).
- Organización do Centro.

Toda a información será recollida por escrito para o seu posterior estudo e interpretación polo Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar, utilizando os seguintes **procedementos**:

- Observación directa nas sesións de traballo.
- Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

Ribadeo, 18 de xaneiro de 2010